

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 04/03/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 04/03/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26-feb-2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/0645

A empresa Telefónica está a realizar un cambio de tecnoloxía nas súas liñas de comunicacións, consistente en substituír as actuais liñas de cobre por fibra óptica. Este cambio supón unha mellora na calidade e velocidade das comunicacións. O prazo marcado por Telefónica para realizar este tipo de migración remata o dezanove de abril de 2024 en todo o territorio nacional.

No caso do Concello este cambio de tecnoloxía está practicamente realizado nas liñas individuais de todos os edificios. Estes traballos non implican custe para o Concello.

Para determinadas liñas e servizos das centralitas telefónicas, a empresa exige a firma dunha Carta de Aceptación (oferta) para realizar o cambio de tecnoloxía e manter os servizos en funcionamento. As centralitas afectadas son as da Casa Consistorial e do Auditorio e os servizos afectados son as liñas RDSI e o 092, estes servizo son necesarios para o funcionamento das centralitas. Esta oferta non supón incremento do custes actuais nin permanencia.

A oferta mensual de Telefónica para as liñas RDSI da centralita do Auditorio (986566418 e 986512600) é de 139 €/mes IVE incluído, esta contía é inferior ao gasto medio mensual actual (235 €/mes IVE incluído) para este servizos. Estes importes son orientativos porque sempre dependerá do tráfico das liñas.

A oferta mensual de Telefónica para as liñas RDSI e servizo 092 da centralita do Concello (986565056 e 986512800) é de 216,98 €/mes IVE incluído, esta contía é inferior ao gasto medio mensual actual (238 €/mes IVE incluído) para este servizos. Estes importes son orientativos porque sempre dependerá do tráfico das liñas.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aceptar a oferta da empresa Telefónica de

España S.A. sobre a migración á tecnoloxía de fibra óptica dos servizos RDSI e 092 das centralitas telefónicas da Casa Consistorial e do Auditorio.

PRP2024/0682

No Concello está en funcionamento actualmente unha aplicación informática de Contabilidade (SICALWIN) adxudicada á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U en Xullo de 2013, do mesmo xeito está en vigor un contrato de mantemento da aplicación de Contabilidade coa mesma empresa.

Debido á necesidade urxente da realización de determinadas tarefas relativa á contratación dos servizos de peche de contabilidade e rendición de contas do exercicio 2023 á AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. por ser a empresa que leva a cabo o mantemento e soporte da aplicación e posúe os coñecementos técnicos necesarios.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS SLU para os servizos de peche de contabilidade e rendición de contas do exercicio 2023 por un importe total de 7.840,80 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0693

Polo Servizo de Rendas estanse a renovar as placas de vao e co fin de poder entregar a nova placa ás licenzas de nova concesión, é necesario levar a cabo a impresión de 590 placas.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Baños Print SL para o subministro de 590 placas de vao permanente, por un importe total de 5.068,69 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0694

Dáse conta de esdcrito presentado por D. Juan Francisco Nine González solicitando autorización para a realización de actuacións en directo, no Teleclub Zamar, situado nas instalacións do Local Social da AA.VV. A Revolta de Zamar, os días 7, 8, 9 e 10 de marzo, en horario de 22:00 a 02:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao autorizado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/0696

Vista a proposta do Servizo de Alumeado e Mantemento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Aldiesa Obras y Servicios SA para o traslado e clasificado de libros das instalacións da Biblioteca Municipal situada en Rúa Alcalde Rey Daviña 14, 1º e 2º ás novas instalacións situadas en Rúa Castelao nº 5-1º e 2º (antigo Liceo-Casino), por un importe total de 7.235,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0697

Dáse conta do informe da Mestra Composteira sobre xestión diferenciada dos biorresiduos de competencia municipal no Concello de Vilagarcía de Arousa, no que se indica que a primeira fase desta recollida separada iniciouse con certos establecementos dunha zona acotada do municipio (zona de Rubiáns), para ir ampliando progresivamente dito servizo á totalidade de xeradores de residuo orgánico, así como á cidadanía das zonas urbanas do municipio, para o cal se continuará con campañas informativas e de concienciación en diferentes ámbitos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/0741

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a reparación das filtracións de auga no Centro Cultural de Sobradelo e a súa adxudicación á Empresa Reformas Trebol SL, por un importe total de 16.909,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

BENESTAR SOCIAL**BENESTAR SOCIAL****PRP2024/0668**

En base ao informe emitido pola Traballadora Social, en relación ao gasto a asumir polo Concello relativo á atención educativa e comedor dos nenos/as da Escola Infantil Municipal do mes de febreiro de 2024.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das seguintes contías:

a. Custe derivado da aplicación das bonificación do Decreto 49/2012 de réxime de prezos das escolas infantís 0-3 a asumir polo Concello en concepto de :

i. Atención educativa: 18.776,95€

ii. Comedor: 7.402,54€

b. Custe que lle correspondería aboar ás familias e a asumir pola Xunta de Galicia de acordo coa Orde do 10 de Agosto de 2023 en concepto de:

i. Atención educativa: 8.812,43€

Polo tanto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o pago a favor da Escola Infantil Municipal, Bonecos Vilagarcía, S.L. con C.I.F. nº B 94065661, en concepto de bonificación municipal pola atención educativa e comedor e gratuidade da atención educativa para as familias do mes

de febreiro de 2024, por un importe total de 34.991,92€, con cargo á partida 323.48007.

PRP2024/0672

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Arelar Xestión Socioeducativa SL para o desenvolvemento do Proxecto EMPATIZA-Resolución pacífica de conflitos (desenvolvemento integral dos e das nenos e nenas de educación primaria a través de formación para a resolución pacífica de conflitos), por un importe de 8.869,30€ (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610(financiación plan máis provincia).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0673

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto Intervención Socioeducativa dende as técnicas do teatro do Oprimido, para a prevención a través da intervención comunitaria con proxectos de atención integral destinados á poboación de educación secundaria a través do teatro do oprimido e a súa representación cos centros escolares, e a súa adxudicación á Empresa Arelar Xestión Socioeducativa, por un importe de 5.614,40€ (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610(financiación plan máis provincia).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0674

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o desenvolvemento do proxecto "Non te deixes Enganar", para intervir no eido da prevención e sensibilización ao redor do xogo, implicando á comunidade educativa e a adolescencia nas campañas de sensibilización, e a súa adxudicación a Ramón Molina Gómez, por un importe de 6.215,63€ (IVE incluído), con cargo á partida 231.22610(financiación plan máis provincia).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2024/0685

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos para a redacción do proxecto para obras de adecuación da Praza de Abastos (Praza da Verdura) ao Arquitecto D. Alberto Redondo Porto, por un importe total de 16.879,50 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 150.640.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

PRP2024/0670

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o gasto relativo ao pago das taxas esixidas polo servizo de Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, por un importe de 36,72€, para as actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía, conforme ao establecido na normativa, para a realización das obras de Acondicionamento de espazos e mellora da accesibilidade nas áreas e zonas comerciais (contorna da Praza de Abastos).
2. Ordenar o pago destas taxas con cargo á aplicación orzamentaria 920 22501.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/0678

Vista a proposta da Concellería de Educación dando conta da próxima celebración da IV Edición "Camiños do Coñecemento", no que se impartirán 3 seminarios que teñen como obxectivo principal favorecer a democratización do coñecemento, potenciando e difundido o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos. As actividades se levarán a cabo os días 26 de marzo e 9, 12, 16, 19 e 23 de abril de 2024, en horario de 16:30 a 18:00 horas, na sala de Conferencias do Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da citada IV Edición "Camiños do Coñecemento", abrindo un prazo de presentación de inscricións dende o mércores 6 ao xoves 14 de marzo, ambos inclusive.

PRP2024/0700

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Juan José Pintos Silva para o mantemento da páxina web, dominio e actualizacións da Escola Municipal de Música durante o ano 2024, por un importe total de 121,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0701

Vista a proposta do Director da Escola Municipal de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigran Poghosyan Gharibyan, para revisión técnica, afinación e regulación dos pianos da Escola Municipal de Música (1 media cola e 4 pianos verticais), por un importe total de 1.016,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 3262.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS

PRP2024/0698

Dáse conta de escrito presentado por Dona Natalia Alonso Roma, solicitando autorización e formalizar os trámites para adquirir en transferencia os postos 53, 54 e 55 da Praza do Peixe, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionaria Dona María Carmen Muñiz Soto.

En base ao Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, se pode solicitar as formalizacións de transferencias das concesións dos postos.

O proceso de transmisibilidade das concesións está preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión.

No seu punto 3) de que cando se realice o traspaso o Concello terá dereito a percibir o 20% do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente o 10% do prezo fixado na derradeira transmisión do posto, actualizado co IPC. Ambas partes acreditan en documento firmado a cantidade acordada pola transmisión, (12.000 € polos tres postos).

A efectos de evitar especulación cos postos o Concello poderá solicitar informe técnico aos efectos de determinar se o prezo pactado entre ambas partes é acorde cos prezos medios do mercado no Concello.

No punto 4) di que a transmisión da concesión solicitarase a instancia de parte, mediante solicitude escrita do interesado á Xunta de Goberno Local.

Logo da comunicación efectuada polo interesado, se procederá á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de Mercados emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local , quen deberá decidir da procedencia ou non da transmisión de dos termos da mesma.

No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade do traspaso, realizarase polo/a transmitente e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na correspondente proposta da liquidación da taxa que proceda.

Polo tanto o segundo paso sería a apertura dun período de información pública desta solicitude por prazo de 15 días.

Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de Goberno Local acorda a apertura dun período de información pública por prazo de 15 días a través da sede electrónica municipal (sede.vilagarca.gal), a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas

PRP2024/0699

Dáse conta de escrito presentado por Dona Verónica Rodríguez González, solicitando autorización e formalizar os trámites para adquirir en transferencia os postos 1--2, Zona H- Exteriores da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, dos que é concesionario D. José Luis Domínguez Lorenzo, destinados actualmente á actividade de pizzería, alimentación e derivados.

En base ao Regulamento das Prazas de Abastos de Vilagarcía, aprobado definitivamente en sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2023, se pode solicitar as formalizacións de transferencias das concesións dos postos.

O proceso de transmisibilidade das concesións está preceptuado no Artigo 22 do Regulamento das Prazas de Abastos. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión.

No seu punto 3) de que cando se realice o traspaso o Concello terá dereito a percibir o 20% do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente o 10% do prezo fixado na derradeira

transmisión do posto, actualizado co IPC. Ambas partes acreditan en documento firmado a cantidade acordada pola transmisión, (8.000 € polos dous postos).

A efectos de evitar especulación cos postos o Concello poderá solicitar informe técnico aos efectos de determinar se o prezo pactado entre ambas partes é acorde cos prezos medios do mercado no Concello.

No punto 4) di que a transmisión da concesión solicitarase a instancia de parte, mediante solicitude escrita do interesado á Xunta de Goberno Local.

Logo da comunicación efectuada polo interesado, se procederá á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de Mercados emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local , quen deberá decidir da procedencia ou non da transmisión de dos termos da mesma.

No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade do traspaso, realizarase polo/a transmitente e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na correspondente proposta da liquidación da taxa que proceda.

Polo tanto o segundo paso sería a apertura dun período de información pública desta solicitude por prazo de 15 días.

Visto o informe do Xefe de Mercados a Xunta de Goberno Local acorda a apertura dun período de información pública por prazo de 15 días a través da sede electrónica municipal (sede.vilagarca.gal), a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2024/0748

Dáse conta da Resolucion da Axencia de Turismo de Galicia do 26 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases para a concesión, en reximen de concesión non competitiva, das subvencións a Concellos para actuacións de embelecemento do litoral Galego, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation Eu.

Diferenciáanse tres liñas de subvencionabilidade:

Liña 1) Transición verde e ecolóxica para a rehabilitación do patrimonio en espazos singulares do litoral.

Liña 2) Transición dixital dos recursos con potencial turístico no litoral

Liña 3) Transición accesible e inclusiva para un turismo máis competitivo.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención do 100% do orzamento da empresa Troquiña, S.L., que ascende a 47.942,89€. Na Liña 1, para a execución do proxecto "REDE DE SENDEIROS PR-G E UN TALLER DE CxM TRAIL, NO CONTORNO DO MONTE XIABRE"

CULTURA

PRP2024/0687

Vista a solicitude da Asociación Cultural San José Aldea de Arriba, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de San Xosé, o vindeiro día 17 de marzo de 2024:

- Actuación do Grupo de Gaitas do Centro Cultural e Deportivo Santa Plácida por un importe de 391,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2024/0689

Vista a proposta da Concellería de cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a prórroga automática para o ano 2024 dos convenios Económico-Cultural aprobados en X.G.L. de 25-06-2018 entre o Concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a xestión de actividade nos Centro Socio-Culturais Non Municipais, como así se establece no cláusula TERCEIRA (DURACIÓN DO CONVENIO), con cargo á partida 334.48201:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA
CÍRCULO ARTÍSTICO DEPORTIVO GATO NEGRO DE CARRIL	G-36026151	1.800,00€	Lourdes Durán Pereira
ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL RECREATIVA CONTRA VENTO E MAREA (CENTRO CULTURAL DE A LAXE)	G-36172260	1.800,00€	M ^a del Mar Lojo Otero.

En canto ao Centro Cultural Non Municipal de O Sixto (Solobeira), no presente ano non se concede a prórroga automática do convenio regulador, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de abril de 2023, polo que se concedía unha axuda por importe de 12.148,00 € para obras de mellora e adecentamento das instalacións na súa sede, figurando no convenio asinado que o Centro Cultural e Deportivo o Sixto se comprometía a renunciar á axuda económica do Concello durante 2 anualidades (2023-2024).

PRP2024/0690

O pasado día 13 de febreiro (martes de entroido) celebrouse o Desfile de Disfraces e Carrozas.

Na X.G.L., sesión que tivo lugar o día 15 de xaneiro de 2024, adoptou acordar a aprobar as bases do Entroido 2024, coa celebración do Desfile de Disfraces e Carrozas, e co establecemento dos premios que figuran nas mesmas.

Na X.G.L., sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2024, acorda aprobar o orzamento para a celebración do Entroido 2024, coa celebración dos distintos actos, o gasto correspondente os premios Desfile de Martes de Entroido o día 13-02-2024, segundo o establecido nas bases, que ascende a un total de 6.800,00€ con cargo a partida 334.48100.

Dado que un premio quedou deserto (3º premio parella infantil, por importe de 75,00€)), e da cantidade asignada para Accesit Choqueiros, de 500,00€, na que solo participaron catro que fai un importe total de premios de 325,00€, resulta un sobrante da partida correspondente 334.48100 que ascende a cantidade de 400,00€, que deberá ser reintegrado a partida

anteriormente indicada.

A continuación se detalla os premios desertos e cantidades sobrantes:

- 3º PARELLA INFANTIL: 75,00€
- ACCESIT CHOQUEIROS:325,00€

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º: O Recoñecemento de Obriga a favor dos premiados no Desfile de Disfraces e Carrozas 2024, coa seguinte desagregación:

MODALIDADE	NOME TRANSFERENCIA	DNI/CIF	IMPORTE
1º PREMIO INDIV. INFANTIL	SANDRA LÓPEZ RUZO	35469210J	100,00 €
2º PREMIO INDIV. INFANTIL	SHEILA TORRES IGLESIAS	35598353B	75,00€
3º PREMIO INDIV. INFANTIL	Mª DEL CARMEN FERRO PADÍN	35483695P	50,00€
1º PREMIO PARELLA INFANTIL	JUAN LUIS SÁNCHEZ GAHONA	77460181E	150,00€
2º PREMIO PARELLA INFANTIL	LORENA RIOS NÚÑEZ	35477046Y	100,00€
1º PREMIO INDIVIDUAL ADULTO	JUAN LUIS SÁNCHEZ GAHONA	77460181E	100,00€
2º PREMIO INDIVIDUAL ADULTO	Mª JESÚS SEOANE BARCALA	35441264N	75,00€
3º PREMIO INDIVIDUAL ADULTO	UXIA ABAL RUIBAL	77542812Z	50,00€
1º PREMIO PARELLA ADULTO	Mª TERESA FERREIRA ABUÍN	35437310Z	150,00€
2º PREMIO PARELLA ADULTO	JOSÉ RAFAEL HERMIDA MARTÍNEZ	35313238G	100,00€
3º PREMIO PARELLA ADULTO	SEBASTIÁN CALVIÑO COREMANS	77550398X	75,00€
1º PREMIO GRUPO – 20	AA.MM.RR. O MARCO	G36166916	648,00 €
IRPF 19% (800,00€) 1º PREMIO -20 (AA.MM.RR. O MARCO)	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	152,00 €
2º PREMIO GRUPO – 20	Mª JOSÉ ABOY FARIÑA	35448869G	405,00 €
IRPF 19% (500,00€) 2º PREMIO GRUPO -20 (Mª JOSÉ ABOY FARIÑA)	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	95,00 €
3º PREMIO GRUPO – 20	RAQUEL MOURE COBOS	35478110N	300,00 €
1º PREMIO GRUPO + 20	ANPA A ESCARDIA	G36145209	1.053,00 €
IRPF 19% (1300,00€) 1º PREMIO GRUPO + 20 ANPA A ESCARDIA	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	247,00 €
2º PREMIO GRUPO + 20	ASOC. CULTURAL OS REMOLÓNS	G36351823	648,00 €
IRPF 19% (800,00) 2º PREMIO GRUPO + 20 ANPA DOUTOR FLEIMING	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	152,00 €
3º PREMIO GRUPO + 20	ASOC.RECREATIVA CULTURAL TRAZOS	G94173325	405,00 €
IRPF 19% (500,00€) 3º PREMIO GRUPO + 20 ASOCIACIÓN RECREATIVA CULTURAL TRAZOS)	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	95,00 €
			5.225,00 €
MELLOR CARROZA	ANA Mª PAZOS OSORIO	35461433X	405,00 €
IRPF 19% (500,00€) PREMIO MELLOR CARROZA ANA Mª PAZOS OSORIO	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	95,00 €
MELLOR ANIMACIÓN	SILVIA BALADO PORTASANY	53111658N	405,00 €
IRPF 19% (500,00€) PREMIO ANIMACIÓN SILVIA BALADO PORTOSANY	CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	P3606000B	95,00 €
			1.000,00€
	CHOQUEIROS:		
	Mª CARMEN CORES RIVEIRO	35425136F	50,00€

	VICTOR COSTA PAZ	35461235L	75,00€
	JULIO GIL HERMO	35468727J	100,00€
	ANGEL RODRÍGUEZ PORTAS	35428477J	100,00€
			325,00€

2º: Así mesmo acórdase o reintegro á partida correspondente a cantidade resultante do sobranche do gasto aprobado (6.800,00€) menos o gasto de premiados (6.550,00€), que ascende a 250,00€.

PRP2024/0688

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a prórroga automática dos convenios Económico-Cultural aprobados en X.G.L. de 13-11-2017 entre o Concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións dos Centros Socio-Culturais municipais, como así se establece no punto IV (DURACIÓN DO CONVENIO), con cargo á partida 334.22703:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA
ASOC. MM.RR. A PIÑOUSA de Cea	G-36284982	1.800,00€	Mª Dolores Negro Lago
AA.VV. AGUSTÍN ROMERO de Cornazo	G-36135754	1.800,00€	Mª Rita Cores Osorio
AA.VV. FAXILDE de Faxilde	G-36154649	1.800,00€	Dolores Miramontes Piñón
ASOC.CULTURAL MALVEIRAS de Carril	G-36136679	1.800,00€	José Luis Eiras Mollinedo
AA.VV. BREGÁN de O Piñeiriño	G-36137578	1.800,00€	Antonio Garrido Viñas
ASOC. MM.RR. ANDURIÑA de Sobradelo	G-36261279	1.800,00€	Mª del Carmen Múñiz Soto
ASOC.MM.RR. FONTECARMOA	G-36530350	1.800,00€	Bárbara Diz García
ASOC. MM.RR. SAN XINÉS de Bamio	G-36204345	1.800,00€	Isabel Rodríguez Tubio
ASOC.MM.RR. XIABRE de Guillán	G-36264901	1.800,00€	Mª Dolores Carballo Reguero
AA.VV. O SOUTO de Rubiáns	G-36564797	1.800,00€	Ana Abalo Cespón
AA.VV. SAN MIGUEL de Trabanca Badiña	G-36180073	1.800,00€	Ramiro Andrés Iglesias Santiago
ASOC.MM.RR. E CONSUMIDORAS PERLA DE AROUSA de Renza	G-36231106	1.800,00€	Mª Trinidad Diz Vidal
AA.VV. GRUPO SAN ROQUE de Vilagarcía	G-36147924	1.800,00€	Carmen Molinero Muñiz
AA.VV. SAN ROQUE de Castrogudín	G-36060523	1.800,00€	Julian Abuin Fontenla
AA.VV. A GOLPELEIRA de A Torre	G-36163251	1.800,00€	Antonio G. Domínguez Álvarez
ASOC. MM.RR. E CONSUMIDORAS DE TRABANCA SARDIÑEIRA	G-36236156	1.800,00€	Mª Isabel Fernández Varela
AA.VV. SAN MARTIÑO DE SOBRÁN –Galáns	G-94045192	1.800,00€	Benito Torrado Ínsua
AA.VV. DE VILAXOÁN	G-36250504	1.800,00€	Cándido Meixide Figueiras

Fáise constar que para o vindeiro ano 2025 deberá procederse á renovación dos convenios económico-culturais.

CONTRATACIÓN

PRP2024/0702

Dáse conta da proposta orientativa e valorada dos gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social enmarcada no capítulo II das Bases Reguladoras do Plan+Provincia2024:

De conformidade as Bases Reguladoras do Plan + PROVINCIA 2024 para o financiamento dos gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social enmarcada na Base do Capítulo II- LIÑA 2, propoño deseguido unha relación dos seguintes gastos correntes, aos efectos de que sexan subvencionados con cargo ao PLAN + PROVINCIA 2024(LIÑA 2) :

- Gastos derivados da celebración do VII Festival Internacional de Música ClasClas (exclusivamente cachés)

TOTAL GASTO 30.000,00 € (IVE engadido)

Subvención (100%): 30.000,00 €

- Gastos derivados da actividade a realizar no programa das festas de San Roque: Espectáculo Combate Naval Vilagarcía 2024 (prestación de servizo pirotécnico).

TOTAL GASTO 46.415,60 € (IVE engadido)

Subvención(100%): 46.415,60 €

- Gasto corrente (gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte de entidade externa) para o financiamento da actividade “Proxecto competencias sociais e resolución de conflitos” no departamento de servizos sociais do concello.

TOTAL GASTO 8.869,30 € (IVE engadido)

Subvención(100%): 8.869,30 €

- Gasto corrente novo (gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte de entidade externa) para o financiamento do Proxecto Intervención socioeducativa- TEATRO DO OPRIMIDO no departamento de servizos sociais do concello.

TOTAL GASTO 5.614,40 € (IVE engadido)

Subvención (100%): 5.614,40 €

- Gasto corrente novo (gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte de entidade externa) para o financiamento da actividade Proxecto NON TE DEIXES ENGANAR para o departamento de servizos sociais do concello.

TOTAL GASTO 6.215,63 € (IVE engadido)

Subvención (100%): 6.215,63 €

- Gasto corrente novo (gastos de prestación do servizo, equipamentos e material e xestión, coordinación e dinamización por parte de entidade externa) para o financiamento do Proxecto ACTIVATE no departamento de servizos sociais do concello.

TOTAL GASTO: 12.654,00 € (IVE engadido)

Subvención(100%): 12.654,00 €

- Gasto corrente para a realización dun Programa para fomentar a Igualdade de Xénero, que consta de dúas actividades:
Curso de Formación en competencias clave Nivel 2/ Módulo competencias matemáticas e lingua galega.

Servicio externo 7.890,00€ (exento de IVE)

Semana de actividades arredor do papel e a presenza das mulleres na creación cultural.

Actividade adicada ao análise da produción cultural con perspectiva de xénero 1.200,00 €

Obradoiro 700,00 €

Concertos, cine espectáculos o similar 2.730,50 €

Outros (gastos xestión, retransmisión, difus.) 726,00 €

TOTAL GASTO(a+b) 13.246,50 € (IVE engadido)

Subvención(100%): 13.246,50 €

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Excma. Deputación de Pontevedra, ao abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do PLAN + PROVINCIA da Liña 2 (BOPPO N° 2 do 3 de xaneiro de 2024), a aprobación dos gastos derivados da programación cultural, deportiva ou social, entre outras, dos concellos ,e que se desglosan neste escrito, pola cantidade Total (IVE engadido) de 123.015,43 € .

PRP2024/0692

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 31 de xaneiro de 2023 foi aprobado o proxecto denominado “Mellora de accesibilidade ao Centro de formación de Matosinhos”, redactado pola arquitecta Carolina Couselo Fariña, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 255.614,80 €.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 9 de outubro de 2023, adxudicouse o contrato denominado “Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos” á mercantil MONCOSA OHS, S.A., por importe de 196.675,52€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 41.301,86€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 237.977,38€, que se financia con cargo con cargo a fondos FEDER a través da estratexia EDUSI VILAGARCÍA AVANZA (DUSI GA18), dentro da liña de actuación denominada: VLG_A29_ORIENEMPR Creación de centros de orientación a emprendedores; operación: Reforma e acondicionamento do Centro de Formación de Matosinhos, así como pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022/2023 -anualidade 2023-).

O contrato administrativo foi asinado con data 16 de outubro de 2023, cun prazo de execución de 3 meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de reformulo, que foi asinada con data 23 de outubro de 2023.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 2 de xaneiro de 2024, acordouse conceder autorización para a redacción do proxecto modificado, por importe de 254.020,37€ a prezo de adxudicación (é dicir xa aplicando o coeficiente de baixa obtido na adxudicación do contrato) o que supón un incremento do 6,74%.

Con data 18 de xaneiro de 2024 (registro de entrada nº WEB2024000326) dona Carolina Couselo Fariña, redactora do proxecto e directora de obra, presenta proxecto modificado por importe de 272.846,80€, o que supón un incremento do 6,74%. Unha vez aplicada a baixa obtida na adxudicación do contrato resultan os seguintes importes, coincidentes coa autorización outorgada pola Xunta de Goberno Local:

Concepto	Importe (sen IVE)	Importe (IVE engadido)
Importe licitación	211.251,90€	255.614,80€
Importe adxudicación (baixa 6,84%)	196.675,52€	237.977,38€
Importe del modificado (incremento 6,74%)	225.493,22€	272.846,80€
Importe modificado aplicadaa baixa obtida na licitación	209.934,19€	254.020,37€
Aumento do importe de adxudicación como consecuencia do modificado	13.258,67€	16.042,99€

A dirección facultativa fai constar que as modificacións propostas veñen determinadas por causas técnicas imprevistas no momento da redacción do proxecto orixinal.

No presente caso, a modificación supón un incremento do 6,74%, polo que non é preciso contar, con carácter previo á súa aprobación, coa conformidade do contratista, MONCOSA OHS, S.A., aínda que si darlle audiencia.

O arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, emitiu informe favorable para a aprobación o citado modificado, con data 22 de febreiro de 2024.

A citada modificación contractual pode ter encaixe nas contempladas no artigo 205 da LCSP.

O prezo de contrato do proxecto modificado (aplicando o coeficiente de baixa da adxudicación) ascende a 209.934,19€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 44.086,18€, o que supón un importe de 254.020,37€ (IVE incluído), é dicir, un incremento sobre o importe de adxudicación de 13.258,67€ (sen IVE), 16.042,99€ (IVE incluído).

De acordo co establecido no artigo 109.3 da LCSP procede o reaxuste da garantía depositada polo adxudicatario do contrato, na contía correspondente ao 5% do aumento producido como consecuencia do modificado (IVE excluído).

Dado que o investimento atópase cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos, ademais de por o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través da estratexia EDUSI VILAGARCÍA AVANZA (DUSI GA18) deberá darse traslado do proxecto modificado e da súa aprobación, no seu caso, aos organismos cofinanciadores do investimento.

Así mesmo, con data 28 de febreiro de 2024 (registro WEB2024001304), don Serafín Piñeiro Camiña, en representación da empresa adxudicataria MONCOSA OHS, S.A., solicita ampliación de prazo de execución, que deixa sen efecto a anterior solicitude de data 19 de xaneiro de 2024, por 75 días. Dita solicitude fundaméntase nas adversas condicións meteorolóxicas, caracterizadas polas intensas choivas que tiveron lugar entre outubro de 2023 e xaneiro de 2024; así como pola tramitación da referida modificación do proxecto.

Con data 28 de febreiro de 2024, a arquitecta dona Carolina Couselo Fariña, en calidade de directora da obra de referencia, emite informe favorable en relación coa solicitude de ampliación de prazo de execución, no que conclúe que os motivos do atraso da obra non son imputables ao contratista, se non que é debido ás condicións meteorolóxicas, polas continuas choivas sobrevindas nos últimos meses, ás necesidades da obra e á tramitación da aprobación de proxecto modificado.

O prazo de execución atópase fixado no contrato en 3 meses, a contar desde a data de firma da acta de comprobación de reformulo, polo que finalizaría o 23 de xaneiro de 2024.

A obra atópase cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022/2023 -anualidade 2023-), tendo como prazo final de execución o 31 de decembro 2024 e de xustificación o 31 de marzo de 2025; polo que de autorizarse a ampliación do prazo de execución esta non dificultaría o cumprimento dos prazos fixados para a xustificación da subvención.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable da directora de obra, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de accesibilidade ao Centro de Formación de Matosinhos", redactado pola directora de obra Dona Carolina Couselo Fariña.
- Autorizar a ampliación do prazo de execución do contrato, con efectos desde o 24 de xaneiro ata o 5 de abril de 2024.

PRP2024/0629

Con registro de entrada número WEB2023009291, do 21 de decembro de 2023, D. Dario Fole Rodríguez, presenta solicitude de reparación da barra e estrutura de madeira da plataforma do local.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 31 de maio de 2021, adxudicouse o contrato de concesión administrativa para a explotación de quiosco-bar ubicado no parque da praia de Compostela, denominado Pavillón de Servizo”.

Dáse conta do informe do responsable do Servizo de Alumeado Público, Auditorio e Estación

Bombeos de data 21 de febreiro de 2024, no que indica:

“Primeiro: A concesión do O Quiosco Bar Praia Compostela (incluíndo a barra) e a tarima de madeira, foi entregada en óptimas condicións para a súa explotación. A Escola Obradoiro foi a encargada da reparación e substitución de madeiras.

Segundo: A barra do Quiosco so utilízase cando o Quiosco está aberto polo que o concesionario é o responsable do seu mantemento.

Tercero: Non se observa ningún cambio de madeira nin traballos carpintaría na tarima por parte do concesionario, a menos que se entenda que traballar en carpintaría é o atornillado dalgún parafuso tipo Torx.

Cuarto: Unha vez comprobado o estado da tarima de madeira polos técnicos do Concello de Vilagarcía na zona dos baños da Praia de Compostela, procederase á substitución das madeiras en mal estado e a unha limpeza integral de toda a tarima de madeira.”

Ademáis, o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexeu a licitación na súa cláusula V sinala que serán obrigas básicas do adxudicatario as seguintes:

g) “conservar e manter o ben de dominio público denominado “Pavillón de Servizos” en bo estado e destinado ó uso de quiosco-bar, así como a devolvelo ó Concello en bo estado unha vez finalizado o período contractual”

En atención ó exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Que polo alumnado do Obradoiro de Emprego de Carpintería se realicen as labores de mantemento e conservación na zona dos baños da Praia de Compostela, procedendo á substitución das madeiras en mal estado e a unha limpeza integral de toda a tarima de madeira.

2.- Respecto á barra do quiosco-bar desestimar a petición solicitada polo concesionario, por ser obriga de éste o seu mantemeto e reparación, segundo consta na cláusula V do PCAP letra g) anteriormente citada.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2024/0705

Visto o expediente de gasto INT/2024/60 integrado pola relación de xustificantes F/2024/8 por importe de 64.532,02 €.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Imputar o gasto do exercicio 2023 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente para as facturas F/2024/460 e F/2024/842, incluídas na relación N° F/2024/8 por importe total de 4.277,58€

SEGUNDO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2023 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.

TERCEIRO: Ampliación do crédito no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Texto Libre	MODIFICACION
220240000037	D	02/01/2024	338 22199	134,00	ADX. SUBMINISTRO BOBINAS PAPEL AGASALLOS CARROZAS.	+13,00

CUARTO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2024/8 por importe de 64.532,08 € coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/2024/15	2024Emit- 15	01/01/2024	726,00	926	22706	VISUALPUBLINET, S.L.	Mantenimiento Trimestral www.vilagarcia.es con 4 horas de

							programación DIR3 OC L01360600 OG L01360600 UT L01360600 "Pr
F/2024/16	2024Emit- 62	01/01/2024	423,50	3261	22706	VISUALPUBLINET, S.L.	Registro y Alojamiento profesional anualwww.cmusvilagarcia.gal
F/2024/74	V2301562	31/12/2023	60,02	311	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 5434HHW)
F/2024/75	V2301561	31/12/2023	46,81	311	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 5434HHW)
F/2024/76	V2301559	31/12/2023	791,61	135	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 4634LWV) / GASOLEO A (Matricula: 1960KMX) / GASOLEO A (Matricula: 4634LWV) / GASOLEO A (Mat
F/2024/348	2023//202312127	31/12/2023	194,06	135	22200	REDES DE TELECOM. GALEGAS, S.A.	60 - Servizos RESGAL (Correspondiente al periodo entre el 01/10/2023 y el 31/12/2023)
F/2024/355	245000259	16/01/2024	1.419,83	9201	213	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO Nº 9300001815 - SAI SLC-10000-TWIN
F/2024/356	245000260	16/01/2024	1.438,30	334	213	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO Nº 9300001816 - SAI UPS-8000-NX/3
F/2024/357	245000261	16/01/2024	1.438,40	2311	213	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO Nº 9300001817 - SAI SLC-8000-TWIN/3 PRO
F/2024/358	245000263	16/01/2024	930,27	135	213	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO Nº 9300001818 - SAI UPS-5000-NX
F/2024/359	245000262	16/01/2024	6.168,85	920	22706	SALICRU, S.A.	CONTRATO MANTENIMIENTO Nº 9300001814 - SAI UPS-50-DL / CONTRATO MANTENIMIENTO Nº 9300001814 - SAI SLC-10000-TWIN PRO
F/2024/367	EMITIDA 43	17/01/2024	323,43	135	213	MANTTOS. CONTRA INCENDIOS, S.L.U	CARGA EXTINTOR NC-5 KG / CARGA HD-6 LITROS / JUNTA DE CIERRE CON LENGÜETA. ORDE DE COMPRA NÚMERO 2416. AÑO 2024. COD
F/2024/460	2024-FAE 9	17/01/2024	322,74	165	213	SETGA, S.L.	ORDEN DE COMPRA Nº 8450, 2023. SERVICIO: ALUMBEADO PÚBLICO -165 / REPARACIÓN R 2026 Reparación de 4 luminarias modelo C
F/2024/482	V-FAC+ FV24-0062	22/01/2024	10.660,89	9201	22706	OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L.	Subscripción de 125 Licencias Citrix Apps Advanced e de dúas licenzas Citrix Gateway Advanced VPX
F/2024/514	V-FAC+ FV24-0063	22/01/2024	3.176,25	9201	22706	OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L.	Renovación servizo de soporte e mantemento de setenta e cinco licenzas do sistema AaaS de seguridade
F/2024/515	V-FAC+ FV24-0064	22/01/2024	1.246,30	9201	22706	OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L.	Renovación dun servizo de subscripción dunha licenza Basic Support Coverage VMware vSphere 5 / Subscription VMware vSphe
F/2024/516	Rect-EMITIDA 44	24/01/2024	7.237,01	135	213	MANTTOS. CONTRA INCENDIOS, S.L.U	Rect. EMITIDA 44 / MANTENEMENTO DOS SISTEMAS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS , CON CARGO A PARTIDA
F/2024/523	V-FAC+ FV24-0065	22/01/2024	7.235,80	9201	22706	OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L.	Renovación dun servizo de asistencia técnica (SAC) de soporte, prevención e resolución de / aplicacións Citrix Apps Adv
F/2024/526	254/23	30/12/2023	55,00	135	22199	PAPELERIA ARINES, C.B.	ROLLOS PLÁSTICO ADHESIVO E PAPEL. EMERXENCIAS
F/2024/533	Emit- 155	15/12/2023	601,61	135	214	TALLERES CONDE QUINTAS, S.L.	PLACA (AMAROK 4677JJJ) / PILOTO POSTERIOR IZQUIERDO / PINTURA / MANO DE OBRA

F/2024/ 548	256/23	30/12/ 2023	147,00	338	22199	PAPELERIA ARINES, C.B.	BOBINAS PAPEL DE REGALO E ROLLOS CINTA ADHESIVA.CULTURA.
F/2024/ 600	D01 706	31/01/ 2024	96,80	135	213	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	REVISION Y MANTENIMIENTO ALTAIR 4X 6019051 (ALBARAN: 331.723 FECHA: 26.01.2024 SERVICIO: EMERXENCIAS RESPONSABLE: FCO
F/2024/ 601	D01 707	31/01/ 2024	781,74	135	213	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	REVISION Y MANTENIMIENTO ALTAIR 5X 06001825 / SENSOR OXIGENO XCELL REF:10106729 / SENSOR DUOTOX CO/H2S REF:10106725 (AL
F/2024/ 602	RM 240016	31/01/ 2024	14,52	135	213	RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L.	H30-20 SILENTBLOC
F/2024/ 603	RM 240017	31/01/ 2024	13,04	135	214	RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L.	THX JTOR-24X4 / BOTE LIMPIADOR FRENOS
F/2024/ 604	RM 240018	31/01/ 2024	170,01	135	214	RECAMBIOS E HIDRAULICA MIRO, S.L.	BATERIA MEGA+ SS AGM 80AH
F/2024/ 661	2024/24 000123	31/01/ 2024	4.000,00	320	22103	GASOCENTRO CALDAS, S.L.	GASOLEO C (PUNTO DE SUMINISTRO: COLEGIO DE EDUCACIÓN ESPECIAL COLEGIO DE EDUCACION ESPECIAL 36600 VILLAGARCÍA DE AR
F/2024/ 680	24000208 0	31/01/ 2024	53,00	9201	22706	SERV. TEC. I. NOROESTE, S.L.	INTERNEVENCION MANO OBRA (instalar y configurar router wan en Trabanca Badiña PEDIDO REALIZADO POR RESPONSABLE DE INFOR
F/2024/ 717	1240200004	05/02/ 2024	847,63	165	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	B.MOVIL 2P+T,16A 250V~.CAUCHO CLR.NGR.SUJTCAB.ABATIBLE P.FACILITAR EL EMBORN. / CLAVIJA 2P+T CON TIRADOR NEGRO / COLUMNA
F/2024/ 732	S24 014514	02/02/ 2024	461,00	912	22001	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	PEDIDO: ALCALDIA PEDIDO 23061: Suscripción a La Voz de Galicia (VL) de 02/02/2024 a 01/02/2025 Datos servicio: PZ RAVE
F/2024/ 737	023/24	31/01/ 2024	321,40	920	22000	PAPELERIA ARINES, C.B.	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA
F/2024/ 751	V-FAC-REN+ 2024- RE/FV0000264 4	07/02/ 2024	2.292,95 254,87	920 920	22706 22001	LA LEY SOLUCIONES LEGALES S.A.	BOL-28068000#CR#WES111 - Página adaptada para Ayuntamiento de Vilagarcia de Arousa#CR#SUSCRIPCIÓN PERIODO 26/02/24 A 25/
F/2024/ 757	0 24000356	26/01/ 2024	83,03	4312	22199	SOBRINO G., S.A.	PLANCHA GOMA CIRC 1,20x10 M / CINTA AMERIC 48x25 NEGRA COMFAM
F/2024/ 760	0 24000359	26/01/ 2024	10,01	334	212	SOBRINO G., S.A.	DISOLVENTE UNIVERSAL BOTE 1 LTS (ORDEN DE COMPRA 8568 RAMON CALDAS FERRO)
F/2024/ 761	0 24000358	26/01/ 2024	599,40	132	213	SOBRINO G., S.A.	BOMBA DRENAJE DRX-15 M AUT SACI / EMPALME TERMORETRACTIL LARGO 1 M. (ORDEN DE COMPRA 8569 RAMON CALDAS FERRO)
F/2024/ 763	0 24000361	26/01/ 2024	31,48	334	22199	SOBRINO G., S.A.	LLAVE BRUTO B IS-3D / LLAVE BRUTO A CVL-5D / PORTAETIQUETAS PLASTICO (ORDEN DE COMPRA 8612 RAMON CALDAS FERRO)
F/2024/ 766	0 24000365	26/01/ 2024	41,44	334	22199	SOBRINO G., S.A.	PILA KODAK MAX AA LR6 B/4 30952867 / PILA KODAK MAX 9V 6LR6 B/1 30952850 (ORDEN DE COMPRA 8597 RAMON CALDAS FERRO) /
F/2024/ 766	Rect-23 65	31/12/ 2023	1.452,00	133	200	BARREIRO MOROÑO,	Rect. 23 65 / ARRENDAMIENTO SOLAR

776		2023				AVELINO	RUA ALFREDO BRAÑAS, 5, VILAGARCIA DE AROSA (8748904NH1847N) (ARRENDAMIENTO SOLAR RUA
F/2024/ 801	2024 01	09/02/ 2024	1.000,00	133	200	METALQUIMICA ESPAÑOLA, S.L.	Alquiler durante el año 2023 de parcela en Avda. Rosalía de Castro destinada a aparcamiento. PRP2017/3358
F/2024/ 818	Emit- 36	12/02/ 2024	484,48	3321	22103	SERVICIOS LACAR SALNES, S.L.	PELLETS (SUMINISTRO DE PELLETS EN BIBLIOTECA MUNICIPAL)
F/2024/ 819	Emit- 038	12/02/ 2024	484,48	3262	22103	SERVICIOS LACAR SALNES, S.L.	PELLETS (SUMINISTRO DE PELLETS EN ESCUELA DE MUSICAS)
F/2024/ 827	Emit- 032	12/02/ 2024	356,95	3321	213	INSTAL. ECOVILA, S.L.	CALEFACTORES (DESMONTAJE Y MONTAJE DE NUEVOS BRAZOS REMOVEDORES DE PELLETS EN QUEMADOR DE BIBLIOTECA MUNICIPAL) / CALE
F/2024/ 834	1240200130	12/02/ 2024	67,71	165	22199	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	CONECTOR ""CEI"" MACHO ACODADO BLINDADO / CONECTOR ""CEI"" HEMBRA ACODADO BLINDADO / BARRYFLEX-MAN H05VV-F 3G1 BLANCO R.100
F/2024/ 836	1240200132	12/02/ 2024	1.302,72	323	212	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	CONMUTADOR ESTRECHO / CONMUTADOR / REGLETA P.PROFESIONAL.ESTANDAR NATURAL- 12 P.-CAPACIDAD DE CONEXION: 6 MM2 / PANELTECH
F/2024/ 838	401240038	12/02/ 2024	167,83	165	213	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.	PUNTA HUECA CORTA APF-6 VERDE 245160PUNTA HUECA CORTA APF-6 VERDE 245160 / TERMICO SH201-C10 1X10 2CDS211001R0104TERMICO
F/2024/ 839	401240039	12/02/ 2024	419,77	334	212	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.	INT.AUT.MAGNETOT.IK60N 1P+N 20A CURVA-CINT.AUT.MAGNETOT.IK60N 1P+N 20A CURVA-C / INT.DIF.RCCB-IID 2P 40A 30mA CLASE-A-SI
F/2024/ 840	401240040	12/02/ 2024	59,90	3321	212	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.	LAMP.LUMILUX L18/865 18W d26 0517773LAMP.LUMILUX L18/865 18W d26 0517773 / ORDE COMPRA 8631 BIBLIOTEC.PUBLICAS 3321ORDE
F/2024/ 842	1100 571855	12/02/ 2024	3.954,84	160	213	BOMBAS GRUNDFOS ESPAÑA S.A.	1100571855 (Su pedido aceptar 1006823863- Albarán 2019755105)
F/2024/ 1050	A 239	30/01/ 2024	65,34	334	22199	SEGURLAIN 2020, S.L.	PROMOCION CULTURAL - 334 / Guante Maxiflex dorso fresco 42-874
		TOTAL	64.532,02				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.